



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio de 2020 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, Anexo de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	534.605,50
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	928.580,17
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	3,04
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	200.033,31
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	495.389,51
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	2.192,17
TOTAL:	2.160.803,70
ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	442.971,41
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	15.000,00
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	161.813,00

CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	961.704,92
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	2616,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	3.000,00
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	573.698,37
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0
TOTAL:	2.160.803,70

PERSOAL DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denominación da praza	Núm. prazas	Grupo	Nivel	C ESPECÍFICO (12 m)	Situación
Secretaria- intervención	1	A1	26	10.513,92	Propiedade
Técnico de Xestión Escala AG	1	A2	26	2.663,04	Propiedade
Traballadora Social Escala A. E.	1	A2	16	0,00	Propiedade
Encargada biblioteca 80% xornada Escala AG Subescala SE	1	C1	20	0,00	Propiedade
Auxiliar Administrativa Escala AG Subescala Auxiliar	1	C2	16	0,00	Propiedade
Conserxe Colexio Escala A.E. Subescala SE	1	AP	14	5.425,08	Propiedade
Xefe de Sección Escala AG	1	C1	22	0,00	Vacante
Auxiliar Administrativo Escala AG Subescala auxiliar	2	C2	16	9.896,04	Vacantes

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación da praza	Núm. prazas	Salario anual (sen antigüidade)
Operario SSMM oficial 1º	1	18.394,60
Condutor maquinista operario	1	14.421,40
Operario Servizos múltiples peón	1	13.650,00

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación da praza	Núm. prazas	Retribución anual
Educadora familiar	1	21.834,59
Auxiliar administrativa	1	15.995,20
Auxiliar axuda no fogar	3	23.613,04

D) PERSOAL LABORAL/ FUNCIONARIOS INTERINOS (PROGRAMAS TEMPORAIS)

Denominación da praza	Núm. prazas	Retribución anual
Depuemprego 2019/20 Animador Turístico	1	9.101,29
Depuemprego 2019/20 Arquitecto Técnico	1	22.802,12
Depuemprego 2019/20 operario SSMM	1	13.794,11
Depuemprego 2019/20 Auxiliar SAF	1	6.722,92

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Alfoz, 22 de xuño de 2020.- O Alcalde-Presidente, Jorge Val Diaz.

R. 1277

BURELA

Anuncio

Expedientes nº 685/2020 e 686/2020

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dezaseis de xuño do dous mil vinte, acordou a aprobación dos Padróns Fiscais e notificación colectiva por aplicación da TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVA DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE e pola aplicación da TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CEMITERIOS MUNICIPAIS do exercicio 2020.

Os Padróns expóñense ao público durante o prazo de quince días, contado a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos no caso de que transcorrido o devandito prazo de exposición pública non se presentase reclamación ningunha contra estes. Esta exposición servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas aos Padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 14.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao do remate da exposición pública do Padrón. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a Resolución do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

- Normas de pagamento e extinción de débedas

a). - O pagamento das débedas dos tributos en período estará comprendido entre o día 1 de xullo e o 31 de agosto do 2020.

b).- O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, na que se presentará o documento de ingreso que se envía por correo aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria ou nas oficinas municipais, e realizarán igualmente o pagamento.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iníciase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a existencia dos xuros de demora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Burela, 19 de xuño de 2020.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1278

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada , na sesión extraordinaria do día 18/06/2020 acordou aprobar inicialmente a derogación da ordenanza reguladora da taxa pola ocupación dos terreos de uso público por mesas, cadeiras e establecementos auxiliares publicada no BOP de 15 de marzo de 1.999 e todas as súas modificacións.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 16 de xuño de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1279

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada , na sesión extraordinaria do día 18/06/2020 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 14/2020 baixo a modalidade de transferencia de crédito 08/2020 entre distintas áreas, por importe de 120.140,43 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días , da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais , na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo , que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia , poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 19 de xuño de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1280

FOLGOSO DO CAUREL

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 16 de xuño de 2020 o expediente de modificación de créditos nº 172/2020 MC7/2020 TC1, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 22.000,00 euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Folgoso do Courel, 22 de xuño de 2020.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1281

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 2/2020, (primeiro de competencia do Pleno), para transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e cinco de maio de dous mil vinte, por un importe total de DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (227.998,62 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	753.170,00.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	1.496.656,77.-
3.- Gastos financeiros.....	3.500,00.-
4.- Transferencias correntes.....	110.677,66.-
6.- Inversións reais.....	1.921.866,73.-
7.- Transferencias de capital.....	224.177,93.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.510.049,09.-

Na mesma sesión plenaria, acordouse a modificación do Anexo de Inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 22 de xuño de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1283

LUGO

Anuncio

En sesión plenaria ordinaria celebrada polo Concello de Lugo o día 30 de outubro de 2019 aprobouse inicialmente o acordo 5/131 relativo á “PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO”, someténdose, con posterioridade, ós trámites regulamentarios de información pública e audiencia ós interesados, sen que se formularan alegacións, polo que, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a dita aprobación inicial quedou elevada a definitiva, dándose conta desta circunstancia no Pleno do día 27 de febreiro de 2020 (acordo 13/29).

Logo das modificacións aprobadas, o texto resultante do REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO, é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, prevé a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios de competencia local, cuxa composición e funcionamento pretenden garantir a competencia técnica, a celeridade e a independencia requiridas polos cidadáns nese ámbito.

O dito órgano prevese coa finalidade de abaratar e axilizar a defensa dos dereitos dos administrados en materia tributaria, así como para reducir a conflictividade en vía contencioso-administrativa co conseguinte alivio da carga de traballo a que se ven sometidos os órganos desa xurisdición.

A súa regulación -composición, competencias, organización, funcionamento, así como o procedemento das reclamacións- realizarase en virtude dun regulamento de natureza orgánica que aprobará o Pleno da Corporación segundo dispón o artigo 123.1.c), o cal deberá axustarse ó establecido na Lei xeral tributaria e na

normativa estatal reguladora das reclamacións económico-administrativas, sen prexuízo das adaptacións necesarias en consideración ó ámbito de actuación e funcionamento do órgano.

En cumprimento de tales previsións, dítase o presente

REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO.

TÍTULO I

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.- Obxecto.

1. Este regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico aplicable á tramitación e resolución das reclamacións económico-administrativas que se formulen contra as actuacións de aplicación dos tributos municipais e de imposición de sancións tributarias que realicen os órganos competentes do Concello de Lugo, os das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes del, e os concesionarios de servizos públicos municipais que tiveran encomendada a exacción dalgunha taxa ou prezo público, nos termos establecidos nos artigos 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 53/2003, do 27 de decembro, de modernización do goberno local, 226 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e concordantes do Real decreto 520/ 2005, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

2. O disposto no artigo anterior enténdese sen prexuízo dos procedementos especiais de revisión establecidos no capítulo II do título V da Lei xeral tributaria, así como do recursos potestativo de reposición regulado no artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 14 do R.d. legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3. Quedan fóra do ámbito deste regulamento, as reclamacións e recursos económico-administrativos promovidos contra actos de xestión de tributos locais cando non fosen ditados polo Concello de Lugo, nos que se seguirá a normativa xeral aplicable.

Artigo 2.- Actos susceptibles de reclamación económico-administrativa.

1. A reclamación económico-administrativa será admisible, en relación coas materias ás que se refire o parágrafo primeiro do artigo anterior, contra os actos seguintes:

a) Os que provisional ou definitivamente recoñezan ou deneguen un dereito ou declaren unha obriga ou un deber.

b) Os de trámite que decidan, directa ou indirectamente, o fondo do asunto ou poñan termo ó procedemento.

2. En materia de aplicación dos tributos, son reclamables:

a) As liquidacións provisionais ou definitivas.

b) As resolucións expresas ou presuntas derivadas dunha solicitude de rectificación dunha autoliquidación ou dunha comunicación de datos.

c) As comprobacións de valor de rendas, produtos, bens, dereitos e gastos, así como os actos de fixación de valores, rendementos e bases, cando a normativa tributaria o estableza.

d) Os actos que deneguen ou recoñezan exencións, beneficios ou incentivos fiscais.

e) Os actos que determinen o réxime tributario aplicable a un obrigado tributario, en canto sexan determinantes de futuras obrigas, incluso formais, ó seu cargo.

f) Os actos ditados no procedemento de recadación.

g) Os actos respecto ós que a normativa tributaria así o estableza.

3. Así mesmo, serán reclamables os actos que impoñan obrigas tributarias.

4. Serán reclamables, igualmente, tras o cumprimento dos requisitos establecidos e na forma que determine a normativa aplicable, as seguintes actuacións ou omisións dos particulares en materia tributaria:

a) As relativas ás obrigas de repercutir e soportar a repercusión prevista legalmente.

b) As relativas ás obrigas de practicar e soportar retencións ou ingresos a conta.

c) As derivadas das relacións entre o substituto e o contribuínte.

5. Tamén poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa, tras interposición potestativa do recurso de reposición, contra as resolucións e os actos de trámite que decidan, directa ou indirectamente, o fondo do asunto relativo ó recoñecemento ou á liquidación de obrigas da facenda do Concello e ás cuestións relacionadas coas operacións de pago pola Tesourería.

6. No se admitirán reclamacións económico-administrativas respecto dos seguintes actos:

- a) Os que dean lugar á reclamación en vía administrativa previa á xudicial, civil ou laboral ou poñan fin á dita vía.
- b) Os ditados en virtude dunha lei que os exclúa de reclamación económico-administrativa.

7. Os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar previamente o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 77 da Ordenanza fiscal xeral aprobada polo Concello de Lugo. Contra a resolución, se é o caso, do citado recurso de reposición, poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo.

TÍTULO II

ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS

Artigo 3.- Denominación, carácter, adscrición do órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións.

1. O órgano administrativo especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións económico-administrativas denominarase Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo.
2. O Tribunal quedará adscrito ó titular da Área de Goberno que sexa competente en materia de Facenda do Concello de Lugo.
3. A sede deste órgano estará situada onde radique a da Área de Goberno que sexa competente en materia de Facenda, se ben por acordo do Pleno poderá fixarse a súa sede noutro lugar do termo municipal sempre que con tal decisión non se prexudique o acceso dos cidadáns a el.

Artigo 4º.- Competencias do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo.

Ó Tribunal Económico-Administrativo correspóndenlle:

- a) O coñecemento e resolución, en réxime de independencia funcional, das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.

A competencia en relación con ingresos de dereito público de natureza non tributaria limitase ós actos ditados na vía executiva. Quedan excluídos polo tanto da súa competencia os actos ditados na fase de xestión previos á dita vía.

- b) O ditame sobre os proxectos de aprobación, modificación e derogación de ordenanzas fiscais. Este ditame, que non terá carácter vinculante, deberá ser solicitado preceptivamente con carácter previo á aprobación dos proxectos normativos pola Xunta de Goberno Local e haberá de emitirse polo Pleno do Tribunal no prazo de quince días hábiles.
- c) No caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia.

Para tales efectos poderán solicitar a dita elaboración o Pleno, o Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o titular da Área de Goberno que sexa competente en materia de Facenda do Concello de Lugo.

Artigo 5º.- Composición.

1. Estará constituído por tres membros, designados polo Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente o integren, de entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión dos títulos universitarios de doutor ou licenciado en dereito, economía, dirección e administración de empresas.
- b) Ser, ou ter sido, funcionario de Administración local con habilitación estatal, pertencentes ás categorías superior ou de entrada, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, pertencentes ao grupo A1.

Excepcionalmente, o Pleno poderá nomear, de forma motivada, a quen sexa ou teña sido funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, pertencentes ao grupo A2.

Así mesmo, posibilitase de forma excepcional que o Pleno, de forma motivada, poida nomear a persoa que non reúna a condición de funcionario, de acordo con criterios de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada

- c) Acreditar unha recoñecida competencia técnica en materia tributaria.

2. O Pleno poderá nomear un membro máis co carácter de substituto, cos mesmos requisitos que os titulares, que entrará en funcións a requerimento do presidente do Tribunal ou de quen o substitúa, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal dos membros titulares e que cesará automaticamente cando desapareza a causa que motivou a substitución.

3. A Xunta de Goberno Local propondrá ó Pleno o nomeamento do Presidente/a, do Vogal, do Secretario/a, e do substituto.

Artigo 6.- Estatuto dos membros do Tribunal Económico-Administrativo

1. O carácter de membro do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo será remunerado de acordo coas previsións do Orzamento Xeral do Concello.

2. Os membros do Tribunal Económico-administrativo do Concello de Lugo poderán ter dedicación plena ou parcial, segundo determine o Pleno do Concello de Lugo no seu nomeamento.

3. Nos supostos de dedicación plena ou parcial percibirán as retribucións correspondentes ó seu posto de traballo na relación de postos de traballo do Concello de Lugo.

4. Cando de xeito transitorio, os membros do Tribunal sexan funcionarios ós que se asigne esta condición, sen dedicación plena ou a tempo parcial, poderán manter a súa adscrición ó organismo ou departamento de orixe, sempre que a natureza das súas funcións non sexa incompatible co seu deber de imparcialidade e obxectividade, percibindo unicamente as indemnizacións por razón de servizo polas súas asistencias a órganos colexiados que se establezan nas bases de execución do presuposto e respectando a lexislación aplicable ós funcionarios en materia de retribucións.

5. No suposto de que os designados sexan funcionarios doutras administracións públicas e vaian desempeñar as súas funcións en réxime de dedicación plena, pasarán á situación que lles corresponda segundo a lexislación aplicable á súa Administración de orixe.

Artigo 7.- Cesamento dos membros do Tribunal.

1. Os membros do Tribunal cesarán por algunha das seguintes causas:

a) A petición propia.

b) Cando o acorde o Pleno coa mesma maioría que para o seu nomeamento.

c) Cando sexan condenados mediante sentenza firme por delito doloso.

d) Cando sexan sancionados mediante resolución firme pola comisión de falta disciplinaria grave ou moi grave.

e) Cando algún dos seus membros incorra no réxime de incompatibilidades establecido no artigo 11.1 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Polo transcurso de 4 anos dende o seu nomeamento, sen prexuízo de que se acorde unha prórroga por unha soa vez por acordo do Pleno por maioría absoluta.

2. Soamente o Pleno poderá acordar a incoación e a resolución do correspondente expediente disciplinario, que se rexerá en todos os seus aspectos pola normativa aplicable en materia de réxime disciplinario ós funcionarios do Concello de Lugo.

Artigo 8.- Funcionamento do Tribunal.

1. O funcionamento do Tribunal basearase en criterios de independencia técnica, celeridade e gratuidade.

2. O Tribunal funcionará en Pleno ou de forma unipersoal. O Pleno estará formado polo Presidente, o Vogal e o Secretario, e deberá reunirse, polo menos, unha vez ó mes, agás no mes de agosto.

3. O Tribunal actuará de forma unipersoal, a través do Presidente, do Vogal ou do Secretario, cando á contía da reclamación sexa inferior á 6.000 euros.

Así mesmo poderá actuar de forma unipersoal, a través do Presidente, do Vogal ou do Secretario, cando a contía da reclamación sexa inferior a 18.000 euros ou de 72.000 euros se se trata de reclamacións contra as bases ou valoracións, e nos demais supostos establecidos no artigo 245 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Actuará en sala única, calquera que sexa a contía, cando o contido da reclamación se refira ou alegue a nulidade de disposicións normativas municipais.

5. Para o funcionamento do Pleno, será necesaria a presenza de, polo menos, dous dos seus membros. En caso de ausencia ou vacante do Presidente ou do Secretario, serán substituídos polo Vogal. Nestes casos, o Presidente disporá de voto de calidade.

6. Todos os membros do Tribunal, xa actúen en pleno ou como órganos unipersonais, exercerán con total independencia, e baixo a súa responsabilidade, as funcións que teñan atribuídas e as restantes que lles poida encomendar o Presidente do Tribunal.

7. Os servizos municipais colaborarán co Tribunal cando este así o requira e, para tal efecto, o Presidente poderá convocar ás sesións do Tribunal a funcionarios, que non poderán participar nas deliberacións.

Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal, as ditas facultades desempeñaraas o membro do Tribunal que actúe en tal condición.

8. Para a preparación dos relatorios, o titular da Área de Goberno que exerza as competencias en materia de Facenda do Concello, a proposta do Presidente, poderá adscribir ó Tribunal os funcionarios que se estimen necesarios.

Artigo 9.- Réxime interno e de sesións.

1. O Tribunal dotarase dunhas normas de funcionamento para facilitar e ser máis eficaz no seu labor.
2. O Tribunal decidirá o réxime de sesións así como a súa periodicidade.
3. Todos os membros do Pleno están obrigados a asistir ás sesións ás que sexan convocados e participar nas deliberacións necesarias para a adopción de acordos ou resolucións
4. Os acordos adoptaranse por maioría dos membros do Pleno, decidindo os empates o voto do Presidente.

Ningún dos asistentes pode absterse de votar, e o que disinta da maioría poderá formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas. O voto incorporárase ó expediente, e deberá facerse mención a el na resolución da reclamación.

Artigo 10.- Elaboración de propostas e estudos en materia tributaria.

1. Os órganos determinados no artigo 4, letra c) deste regulamento, serán competentes para pedir ó Tribunal a elaboración de propostas e estudos en materia tributaria.
2. Para o cumprimento das súas funcións, o Tribunal poderá solicitar dos órganos da Administración municipal os datos ou antecedentes e informes cando proceda que estimen convenientes.

Artigo 11.- Funcións dos membros do Tribunal.

1. Correspóndenlle ó Presidente a convocatoria do Tribunal, a fixación da orde do día, a dirección das deliberacións, a autorización das comunicacións con outros órganos, a convocatoria ás sesións de funcionarios, a xefatura superior do persoal adscrito ó Tribunal e aquelas outras previstas neste Regulamento.

2. Cando o Tribunal actúe en Pleno, corresponderanlle ó Vogal do Tribunal as seguintes funcións:

- a) Posta de manifesto, cando proceda, dos expedientes ós reclamantes para que formulen os escritos de alegacións e achega e proposición de probas.
- b) Acordar ou denegar a práctica de probas nos expedientes de que sexan relatores.
- c) Redactar os relatorios de resolución, pasando copia deles, por conduto da Secretaría, ós restantes membros do Tribunal.
- d) Redactar a resolución definitiva e sometela á conformidade e sinatura dos restantes membros do Tribunal.
- e) Vixiar o cumprimento das resolucións e adoptar ou proporlle ó Presidente, segundo proceda, as medidas pertinentes para remover os obstáculos que se opoñan á execución.

Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal, as ditas funcións exerceraas o membro do Tribunal que actúe con tal condición.

3. Correspóndenlle ó Secretario do Tribunal as funcións seguintes:

- a) Recibir os escritos que inicien as reclamacións económico-administrativas, cando a súa presentación se efectúe ante o tribunal, de conformidade co disposto no artigo 16. 4 do presente regulamento, así como os que lle remita o órgano que ditou o acto impugnado cando a súa presentación se teña que efectuar ante este último, segundo o disposto no dito artigo, pasándoos para a súa tramitación ó Vogal que deba despachalos.
- b) Redactar, copiar e cursar todas as comunicacións e ordes que acorde o Tribunal ou o seu Presidente, cando o Tribunal actúe como sala única.
- c) Levar os libros de rexistro e de ordes e comunicacións, os de actas e de votos particulares e archivar as testemuñas das resolucións ditadas polo Tribunal, mediante algún medio que garanta a autenticidade delas.
- d) Practicar as citacións para as reunións do Tribunal e facer chegar ó Presidente e ó Vogal o índice dos relatorios dos asuntos que teñan que examinarse en cada sesión.
- e) Notificarlles as resolucións ós interesados que compareceran na reclamación e devolver os expedientes, despois de incorporarlles copia autorizada daquelas ás dependencias de que procedan, para o cumprimento da dita decisión.
- f) Darlle coñecemento á Intervención Xeral e da Tesourería, como titular do órgano de xestión económico-financieira, as resolucións estimatorias que se diten.
- g) Asesorar, verbalmente ou por escrito, ó Presidente nos asuntos que este someta á súa consideración.
- h) Participar nas deliberacións do Tribunal e asesorar en xeral a este en cantas cuestións de dereito se susciten.
- i) Dirixir a tramitación dos expedientes.

k) As demais previstas neste regulamento.

As funcións descritas nas letras b), e) e i) cando o Tribunal actúe de forma unipersoal exerceraas o membro do Tribunal que actúe en tal condición.

Artigo 12 .- **Actas das sesións.**

1. De cada sesión que realice o Tribunal levantarase acta, que conterá a indicación dos asistentes, lugar e tempo da reunión, mención dos expedientes vistos, resultado das votacións e sentido dos acordos.

2. As actas aprobaranse na mesma ou posterior sesión, asinaraas o Secretario co visto e prace do Presidente, e conservaranse correlativamente numeradas na Secretaría.

3. Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal o Secretario levantará acta daquelas actuacións que implique a comparecencia perante o Tribunal de interesados na reclamación.

TÍTULO III

O PROCEDIMENTO ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Artigo 13.- **Lexitimados e interesados nas reclamacións económico-administrativas.**

1. Estarán lexitimados para promover as reclamacións económico-administrativas:

- a) Os obrigados tributarios e os suxeitos infractores.
- b) Calquera outra persoa cuxos intereses lexítimos resulten afectados polo acto o pola actuación tributaria.
- c) Estará lexitimado para interpoñer reclamación económico-administrativa contra os actos relativos ás materias ás que se refire o parágrafo primeiro do artigo 1 calquera persoa cuxos intereses lexítimos resulten afectados polo acto administrativo.

2. Non estarán lexitimados:

- a) Os funcionarios e empregados públicos, agás nos casos en que inmediata e directamente se vulnere un dereito que en particular lles está recoñecido ou resulten afectados os seus intereses lexítimos.
- b) Os particulares, cando obren por delegación da Administración ou como axentes ou mandatarios dela.
- c) Os denunciante.
- d) Os que asuman obrigas tributarias en virtude de pacto ou contrato.
- e) Os organismos ou órganos que ditan o acto impugnado, así como calquera outra entidade polo mero feito de ser destinataria dos fondos xestionados mediante o dito acto.

3. No procedemento económico-administrativo xa iniciado poderán comparecer todos os que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos que poidan resultar afectados pola resolución que vaia ditarse, sen que a tramitación haxa de retrotraerse en ningún caso. Se durante a tramitación do procedemento se advirte a existencia doutros titulares de dereitos ou intereses lexítimos que non tiveran comparecido nel, notificaráselles a existencia da reclamación para que formulen alegacións, a resolución que se dite será plenamente eficaz respecto deles.

4. Cando se actúe mediante representación, o documento que a acredite acompañase ó primeiro escrito que non apareza asinado polo interesado, que non se cursará sen este requisito. Non obstante, a falta ou a insuficiencia do poder non impedirá que se teña por presentado o escrito sempre que o comparecente acompañe o poder, corrixa os defectos de que careza o presentado ou ratifique as actuacións realizadas no seu nome e representación sen poder suficiente.

Artigo 14.- **Suspensión da execución do acto impugnado en vía económico-administrativa.**

1. A execución do acto impugnado quedará suspendida automaticamente a instancia do interesado se se garante o importe do dito acto, os xuros de demora que xere a suspensión e as recargas que puidesen proceder, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Se a impugnación afectase a unha sanción tributaria, a execución dela quedará suspendida automaticamente sen necesidade de achegar garantías.

2. As garantías necesarias para obter a suspensión automática á que se refire o parágrafo anterior serán exclusivamente as seguintes:

- a) Depósito de diñeiro ou valores públicos.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.
- c) Fianza persoal e solidaria doutros contribuíntes de recoñecida solvencia para os supostos que se establezan na normativa tributaria.

3. Cando o interesado non poida achegar as garantías necesarias para obter a suspensión á que se refire o punto anterior, acordarase a suspensión logo da prestación doutras garantías que se estimen suficientes, e o órgano competente poderá modificar a resolución sobre a suspensión nos casos previstos no segundo parágrafo do punto seguinte.

4. O tribunal poderá suspender a execución do acto con dispensa total ou parcial de garantías cando a dita execución puidese causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

Nos supostos ós que se refire este parágrafo, o tribunal poderá modificar a resolución sobre a suspensión cando aprecie que non se manteñen as condicións que motivaron esta, cando as garantías achegadas perderan valor ou efectividade, ou cando coñeza da existencia doutros bens ou dereitos susceptibles de ser entregados en garantía dos que non se tivera coñecemento no momento de ditarse a resolución sobre a suspensión.

5. Poderase suspender a execución do acto recorrido sen necesidade de achegar garantía cando se aprecie que ó ditalo se puido incorrer en erro aritmético, material ou de feito.

6. Se a reclamación non afecta á totalidade da débeda tributaria, a suspensión referirase á parte reclamada, e quedará obrigado o reclamante a ingresar a cantidade restante.

7. A suspensión producida no recurso de reposición poderase manter na vía económico-administrativa nas condicións que se determinen regulamentariamente.

8. Manterase a suspensión producida en vía administrativa cando o interesado lle comunique á Administración tributaria no prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo que interpuxo o dito recurso e solicitou a suspensión nel. A dita suspensión continuará, sempre que a garantía que se achegara en vía administrativa conserve a súa vixencia e eficacia, ata que o órgano xudicial adopte a decisión que corresponda en relación coa suspensión solicitada.

Tratándose de sancións, a suspensión manterase, nos termos previstos no parágrafo anterior sen necesidade de prestar garantía, ata que se adopte a decisión xudicial.

9. Cando deba ingresarse total ou parcialmente o importe derivado do acto impugnado como consecuencia da resolución da reclamación, liquidarase xuro de demora por todo o período de suspensión, tendo en consideración o disposto nos artigos 26.4 e 212.3 da Lei xeral tributaria.

10. Cando se trate de actos que non teñan por obxecto unha débeda tributaria ou cantidade líquida, o tribunal poderá suspender a súa execución cando así o solicite o interesado e xustifique que a súa execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

11. A execución do acto ou resolución impugnado mediante un recurso extraordinario de revisión non poderá suspenderse en ningún caso.

12. Os requisitos, órganos competentes e procedemento para a tramitación e resolución das solicitudes de suspensión serán os determinados na Ordenanza fiscal xeral e no Regulamento de recadación e, subsidiariamente, no Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei xeral tributaria en materia de revisión en vía administrativa, aprobado por Real decreto 520/2005, do 13 de maio.

Artigo 15.- Procedemento xeral económico-administrativo.

1. As reclamacións económico-administrativas tramitaranse en única instancia e contra a resolución delas poderá interpoñerse unicamente o recurso contencioso-administrativo.

2. O procedemento impulsarase de oficio con suxeición ós prazos establecidos, que non serán susceptibles de prórroga nin precisarán que se declare a súa finalización.

3. Todos os actos e resolucións que afecten ós interesados ou poñan termo en calquera instancia a una reclamación económico-administrativa serán notificados a aqueles no domicilio sinalado ou, se non, na secretaría do tribunal, mediante entrega ou depósito da copia íntegra do seu texto.

A notificación deberá expresar os recursos que procedan contra ela, órgano ante o que haberá de presentarse e prazo para interpoñelos, sen que iso impida que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

4. O procedemento económico-administrativo será gratuíto. Non obstante, se a reclamación ou o recurso resulta desestimado e o órgano económico-administrativo aprecia temeridade ou mala fe, poderá esixirse ó reclamante que sufrague as custas do procedemento, segundo os criterios que se fixen regulamentariamente polo Estado.

5. O procedemento económico-administrativo regularase de acordo coas disposicións previstas neste capítulo, na Lei xeral tributaria e na normativa estatal reguladora das reclamacións económico-administrativas.

Artigo 16.- Iniciación.

1. A reclamación económico-administrativa interporase no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da notificación do acto impugnado, desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo ou desde o día seguinte a aquel no que quede constancia da realización ou omisión da retención

ou ingreso a conta, da repercusión motivo da reclamación ou da substitución derivada das relacións entre o substituto e o contribuínte.

No suposto de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva, o prazo para a interposición computarase a partir do día seguinte ó da finalización do período voluntario de pago.

2. O procedemento deberá iniciarse mediante escrito que poderá limitarse a solicitar que se teña por interposta, identificando ó reclamante, o acto ou actuación contra o que se reclama, o domicilio para notificacións e o Tribunal ante o que se interpón. Así mesmo, o reclamante poderá acompañar as alegacións en que base o seu dereito.

Nos casos de reclamacións relativas a retencións, ingresos a conta, repercusións, e as relacións entre o substituto e o contribuínte, o escrito deberá identificar tamén á persoa recorrida e o seu domicilio e xuntar todos os antecedentes que obren a disposición do reclamante ou en rexistros públicos.

3. O escrito de interposición dirixirase ó órgano administrativo que ditara o acto obxecto da reclamación económico-administrativa que o remitirá ó Tribunal no prazo dun mes xunto co expediente correspondente, ó que se poderá incorporar un informe se se considera conveniente.

Non obstante, cando o escrito de interposición incluíse alegacións, o órgano administrativo que ditou o acto poderá anular total ou parcialmente o acto impugnado antes da remisión do expediente ó Tribunal dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, sempre que non se tivera presentado previamente recurso de reposición. Neste caso, remitirase ó Tribunal o novo acto ditado xunto co escrito de interposición.

Se o órgano administrativo non remitise ó Tribunal o escrito de interposición da reclamación, bastará que o reclamante presente ante o Tribunal a copia selada do dito escrito para que a reclamación se poida tramitar e resolver.

4. Nos casos de reclamacións relativas a retencións, ingresos a conta, repercusións e relacións entre o substituto e o contribuínte, o escrito de interposición dirixirase ó Tribunal económico administrativo do Concello de Lugo.

Artigo 17.- Tramitación.

1. O Tribunal, unha vez recibido e, se é o caso, completado o expediente, poñerállelo de manifesto ós interesados que compareceran na reclamación e non tiveran formulado alegacións no escrito de interposición ou as tivesen formulado, pero coa solicitude expresa deste trámite, por prazo común dun mes, no que deberán presentar o escrito de alegacións coa achega das probas oportunas.

2. Nos casos de reclamacións relativas a retencións, ingresos a conta, repercusións ou ás relacións entre o substituto e o contribuínte, o Tribunal notificaralle a interposición da reclamación á persoa recorrida para que compareza, mediante escrito de mera personación, xuntando todos os antecedentes que obren á súa disposición ou en rexistros públicos.

3. O Tribunal poderá así mesmo solicitarlle informe ó órgano que ditou o acto impugnado, co obxecto de aclarar as cuestións que o precisen. O Tribunal deberá darlle traslado do informe ó reclamante para que poida presentar alegacións.

En normas regulamentarias estatais e nas ordenanzas fiscais, poderanse establecer supostos nos que a solicitude do dito informe teña carácter preceptivo.

4. As probas testificais, periciais e as consistentes na declaración de parte realizaranse mediante acta notarial ou ante o secretario do Tribunal ou funcionario en quen el mesmo delegue que estenderá a acta correspondente. Non caberá denegar a práctica de probas relativas a feitos relevantes, pero a resolución que conclúa a reclamación non entrará a examinar as que non sexan pertinentes para o coñecemento das cuestións debatidas, caso no que bastará con que a dita resolución inclúa unha mera enumeración delas, e decidirá sobre as non practicadas.

5. Cando das alegacións formuladas no escrito de interposición da reclamación ou dos documentos achegados polo interesado resulten acreditados todos os datos necesarios para resolver ou estes poidan terse por certos, ou cando de aqueles resulte evidente un motivo de inadmisibilidade, poderase prescindir dos trámites sinalados nos anteriores parágrafos deste artigo e no artigo 16.3 deste Regulamento.

6. Poderán formularse como cuestións incidentais aquelas que se refiran a aspectos que, sen constituír o fondo do asunto, estean relacionadas con el ou coa validez do procedemento e a súa resolución sexa requisito previo e necesario para a tramitación da reclamación, non podendo aprazarse ata que se dite acordo sobre o fondo do asunto.

Para a resolución das cuestións incidentais, o Tribunal poderá actuar de forma unipersoal. A resolución que poña termo ó incidente non será susceptible de recurso. Ó recibir a resolución da reclamación, o interesado poderá discutir novamente o obxecto da cuestión incidental mediante o recurso que proceda contra a resolución.

Artigo 18.- Extensión da revisión en vía económico-administrativa.

